



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello

DATA: 10 de xullo de 2013

HORA DE COMEZO: 13.30 horas

HORA DE REMATE: 14.35 horas

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Adela Redondo Rendo
Don Jesús Neira Varela
Don Xabier Canabal Fernández
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Dona Raquel García Fraga

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Toma de posesión de don Perfecto Barcala Mosquera**
- 3. Modificación da Mesa de Contratación e da Comisión de Contas**
- 4. Suspensión temporal da execución do proxecto de urbanización do SAUI-2**
- 5. Traslado da documentación obrante no arquivo a outras dependencias municipais**
- 6. Modificación da Ordenanza de "Axuda no Fogar"**

- 7. Modificación do representante na Comisión Xestora para a constitución do Consorcio.**
- 8. Mocións número 1292 (PP) , 1336 e 1337 (ANOVA)**
- 9. Información da Alcaldía**
- 10. Rogos e Preguntas.**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior.

O señor Canabal di que non ten nada que alegar á acta da sesión anterior, salvo que nesta sesión que hoxe ten lugar espera ser mellor que a anterior.

O señor Alcalde , de parte da Concelleira García Fraga según escrito presentado pola mesma, fai a seguinte corrección:

“Na moción número 879 sobre o tanatorio na Casa da Cultura de Camporrapado aparecen dous erros na miña intervención.

Antes de nada quero manifestar, que non estraña que dona Elena Suárez, Secretaria Interventora do Concello de Boqueixón, non puidera recoller a acta correctamente xa que fun interrompida en numerosas ocasións e mesturáronse as verba miñas coas do público asistente. Ademais, una cousa e que se lle de poña por escrito toda unha intervención e outra ben distinta é recollelo no momento que se fala e sen saber como vai transcorrer o debate.

Dito isto, direi que unha das erratas está no momento que falo do uso que se fixo estes anos nos baixos da Casa da Cultura: en concreto, cando eu manifesto que nestes baixos apenas se fan actividades, unha ao ano como moito. Pero nese momento interrompe un mozo do público dicindo que se fan moitas actividades, ao que eu respondo que é falso. Supoño que con esta interrupción veu o malentendido á hora de facer a acta a señora Elena Suárez e deste modo na acta aparece que “nunca se empregaron para nada”.

A segunda errata aparece cando aclaro que varios veciños manifestáronme a preocupación de que se lle quite terreo ao campo de fútbol en favor dun aparcadoiro para o tanatorio. No pleno manifestei que ese aparcadoiro non se faría pero, de novo por interrupcións, entendeuse que dicía que si se faría dito aparcadoiro e así aparece na acta. De feito, ao finalizar o pleno e polo tanto non consta nin debe constar, obviamente na acta, aclaráronse varios puntos cos veciños q así o quixeron e entre eles estivo este punto do aparcadoiro para o q se lle ensinou o proxecto do futuro tanatorio”.

Por último a Secretaria di que o anterior Concelleiro, o Sr. Calvelo Otero, comunicoulle que no seu discurso de despedida como Concelleiro hai o seguinte erro: onde pon “*o final político deste concelleiro nesta 8ª lexislatura democrática*”, debe poñer “*o final político deste concelleiro nesta 9ª lexislatura democrática...*”

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 8 de maio de 2013.

2.Toma de posesión de don Perfecto Barcala Mosquera

Na sesión plenaria que tivo lugar o 8 de maio de 2013 tomouse razón da renuncia presentada polo Concelleiro don David Paulino Calvelo Otero ao que substitúe don Perfecto Barcala Mosquera e cuxa credencial foi remitida pola Xunta Electoral Central ó Concello o 27 de maio de 2013 e recibida con data 29 de maio do 2013, rexistro de entrada número 13/1040.

Polo que procede a toma de posesión do novo Concelleiro don Perfecto Barcala Mosquera o cal promete cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Unha vez xurado o cargo, o Concelleiro de ANOVA e o señor Alcalde dan a benvida ó señor Barcala Mosquera e deséxanlle un frutífero traballo polos veciños de Boqueixón.

Neste momento entra no salón de plenos cando son ás 13.45 h a Concelleira dona Sonia Rodríguez Midón.

3.Modificación da Mesa de Contratación e da Comisión de Contas

Na sesión plenaria que tivo lugar o día 20 de xuño de 2011 acordouse nomear ós compoñentes da “Comisión de Contas” e ós compoñentes da “Mesa de Contratación”. De ámbolos órganos colexiados pertencía como vogal número 5, don David Paulino Calvelo Otero, en representación do PS de G-PSOE.

Tal e como se acordou no punto anterior desta sesión, de hoxe día 10/07/2013, toma posesión do seu cargo de Concelleiro na Corporación Municipal de Boqueixón, don Perfecto Barcala Mosquera en substitución de don David Paulino Calvelo Otero.

Por tal motivo e mantendo a mesma estrutura acordada no Pleno do 20 de xuño de 2011, en relación cos órganos colexiados, acórdase cos votos a favor de todos os presentes:

1. Designar a don Perfecto Barcala Mosquera, vogal número 5 da Comisión de Contas.
2. Designar a don Perfecto Barcala Mosquera, vogal número 5 da Mesa de Contratación.
3. Publicar este anuncio no boletín oficial da provincia (BOP)

4.Suspensión temporal da execución do proxecto de urbanización do SAUI-2

Dáse conta dos escritos presentados pola Xunta de Compensación con data 14 de xuño de 2013(número de rexistro 1177) e con data 1 de xullo de 2013 (número de rexistro 1313) solicitando prórroga para a presentación do aval e para o inicio das obras do proxecto de urbanización do SAUI-2.

A continuación o señor Canabal di o seguinte:

Neste punto si quixera facer dúas consideracións, unha dende o plano político e outra dende o plano xurídico.

Dende o plano político dicir que vista toda a tramitación e enredos producidos neste asunto, levamos dende o ano 2003 para tentar desenvolver unha zona industrial que a día de hoxe aínda se atopa en fase de proxección. Pensen vostedes, ou pensemos todos, a eficacia desta administración que leva máis de 10 anos cunha tramitación dunha zona industrial, onde pola lentitude desta e doutras administracións se perderon xa varias oportunidades de poder desenvolver esta área.

E así que chegamos á actualidade, onde temos un monstro de 500.000 m² que será, tanto pola actual situación económica xeral como polo alto custo do chan industrial resultante, moi difícil de desenvolver, polo que esta administración debiera ter pensado algunha alternativa a este chan industrial, posto que tristemente, será moi complexo que se poida desenvolver tal e como na actualidade está prantexado.

En canto ao punto de vista de xurídico, e visto os antecedentes que se expresan na proposta da alcaldía, o acordo que se pretende adoptar antóllaseme claramente ilegal polas seguintes razóns:

1.- A previsión da Lei 9/02 (artigo 128 LOUGA) para os casos nos que os particulares incumpren as súas obrigas é o cambio de sistema, non a suspensión de prazos para urbanizar e/ou garantir a urbanización. A solución que se propón pola Alcaldía é unha ocorrencia, e ademais é contraria á lei.

2.- Si o Concello non ten medios sempre se pode tratar de licitar o desenvolvemento do polígono para seleccionar unha empresa interesada.

3.- Non se pode modificar o plan de etapas do Plan de Sectorización por dúas razóns: a primeira, porque sería un acto nulo de pleno dereito, por infracción absoluta de procedemento (art. 62.1. da Lei 30/92) xa que para modificar o plan de sectorización debe seguirse o mesmo procedemento previsto para a súa aprobación, como di o artigo 93.4 da LOUGA; e a segunda porque o Plan de Sectorización prevé unha única etapa.

4.- A suspensión que se propón, tal como se prantexa, ten carácter indefinido, porque xa se prevé a súa renovación posterior sine die.

Por estes motivos solicito a retirada deste punto da orde do día, e o estudo pormenorizado das opcións legalmente previstas na lei, posto que a proposta así prantexada é claramente ilegal, e mesmamente podería constituír un feito delituoso para os concelleiros que tomen o acordo tal e como está prantexado.

O señor Barcala Mosquera di que coincide co señor Canabal e polo tanto que non é partidario da suspensión temporal.

O señor Alcalde di que se fixeron as consultas pertinentes e si é legal proceder coa suspensión temporal ó non existir entidade bancaria que preste o correspondente aval nin dispoñer dos fondos necesarios para executar as obras. Tampouco o concello poder executar o polígono neste momento e en canto á empresa urbanizadora, tampouco existe algunha que o queira asumir.

O señor Canabal reitera que o concello está actuando en contra da lei.

Sen máis, cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do representante de ANOVA e do PS de G, e tendo en conta os seguintes:

Antecedentes

A Xunta de Goberno, en sesión plenaria do 7 de marzo de 2013, aprobou definitivamente o proxecto de urbanización do SAUI-2.

Con data do 14 de xuño de 2013, rexistro de entrada 13/1177, recíbese no concello un escrito presentado polo presidente da xunta de compensación do SAUI-2, no cal se indica que na sesión da asemblea xeral extraordinaria da xunta de compensación, de data do 14 de xuño de 2013, acordouse solicitar o aprazamento do inicio das obras e da presentación do aval do 20% (2.740.296,82 €).

Xunto con este escrito, achegan copia dos escritos bancarios denegando a petición do referido aval pola xunta de compensación.

Posteriormente, con data 1 de xullo 2013(rexistro 13/1313), a Xunta de Compensación presenta outro escrito no cal se solicita que o prazo sexa inicialmente de tres anos aínda que susceptible de prórrogas por períodos de dous anos.

Consideracións Xurídicas e outras consideracións

O artigo 74 apartado b/ da Lei 15/2004, de 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que nos plans de iniciativa particular hase prestar a garantía do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización. Esta garantía deberá prestarse no prazo máximo de tres meses, desde a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, e hase cancelar a petición dos interesados, unha vez recibida a urbanización.

O artigo 128.3/ da mesma Lei, establece que o incumprimento das obrigas, cando se apliquen sistemas indirectos, dará lugar a que a administración poida substituír de oficio o sistema de actuación, e optar por un sistema de actuación directo, con independencia das restantes consecuencias que, se é o caso, puidesen derivar do incumprimento.

O incumprimento da obriga de urbanizar, faculta ao municipio para substituílo sistema de actuación polo de cooperación ou expropiación.

Así mesmo, no apartado 4/ establece que o incumprimento, provocará a incautación da garantía prestada, para satisfacelas responsabilidades derivadas da execución das obras de urbanización.

Á vista da documentación presentada polo SAUI-2, resulta acreditado as dificultades económicas para facer fronte ao aval esixible para iniciar a execución da urbanización.

Polo mesmo, resultará para as arcas municipais, practicamente imposible a execución de semellante gasto de urbanización, ao non existir garantía que incautar, para facer fronte aos gastos, nin sequera a unha parte dos mesmos. Polo que procede suspender temporalmente, a execución do proxecto de urbanización, ao ser imposible neste

momento o seu financiamento, tanto pola Xunta de Compensación coma polo concello, nin se conta con empresa urbanizadora interesada.

Por outro lado, débese ter en conta que o, proxecto de urbanización foi aprobado cos informes favorables da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (informe de 07/05/2012), de Augas de Galicia (informe do 12/07/2011), ADIF (informe 25/10/2010) e do técnico municipal (informe 7/01/2013). Por este motivo resulta conveniente comunicar o acordo de suspensión aos referidos organismos informantes, co fin de que polos mesmos, así como polo técnico municipal, se manteña ditos informes favorables.

Por todo isto, acórdase:

1. Autorizar a suspensión temporal do inicio das obras de execución da urbanización do polígono industrial do SAUI-2 de Boqueixón.
2. Autorizar o aprazamento da presentación do aval, por importe do 20% do custo das obras.
3. O prazo para o inicio das obras de urbanización do polígono, así como para a presentación do referido aval, será de **TRES anos**, susceptible de prorrogas por períodos de **dous anos**, previa solicitude presentada pola Xunta de Compensación, cunha antelación de catro meses, antes da finalización do novo prazo establecido, e sempre que se acredite as mesmas dificultades económicas para financiar as obras e presentar o aval correspondente.
4. Modificar os prazos establecidos no convenio, en base a este acordo.
5. Modificar os prazos, no plan de etapas, do “PLAN DE SECTORIZACIÓN” aprobado, en base a este acordo.
6. Notificar esta suspensión temporal, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Augas de Galicia, e ao ADIF, en base aos informes sectoriais emitidos por estes organismos.
7. Conceder trámite de audiencia, polo prazo de 15 días, a tódolos propietarios afectados por este acordo, para que aleguen o que estimen oportuno.
8. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia.
9. No caso de non presentarse reclamacións considerar este acordo definitivamente aprobado.

5.Traslado da documentación obrante no arquivo a outras dependencias municipais

A arquivista bibliotecaria do concello, ante a falta de espazo no actual arquivo para a conservación e custodia de toda a documentación que lle remiten os diferentes departamentos municipais, informa o seguinte:

“O Arquivo Municipal é un ben de dominio público en función do establecido no Regulamento de Bens das Entidades Locais (Real Decreto 1.372/1986, de 13 de xuño), pois conserva e custodia o patrimonio documental do concello. Igualmente, é un servizo público, condición que adquire ao cumprir o mandato constitucional de facer

accesibles os documentos a os cidadáns. É tamén, un servizo xeral da administración municipal que ten como función principal a sistematización da xestión documental do concello desde a creación do documento ata a conservación histórica, organizando, recibindo e servindo os documentos á propia institución e a os cidadáns.

Estas funcións e outras que se consideren integrantes deste servizo desenvolveranse conforme a o establecido no Regulamento do Arquivo Municipal de Boqueixón (Pleno de 10 de xullo de 2002, BOP de 4 de outubro de 2002) e, no seu defecto, a o establecido na Lei Básica 7/1985, de 2 de abril, modificada pola Lei 11/1999 de 21 de abril; o RDL 781/1986, de 18 de abril; o RD 2568/1986, de 28 de novembro; a Lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español; o Decreto 307/1989, de 23 de novembro, que regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia e a Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia, e demais normativa comunitaria, estatal ou autonómica vixente.

O Arquivo municipal consta neste intre con 1.400 unidades de instalación distribuídas en 156 m/l. procedentes das transferencias periódicas de documentación dos diferentes servizos municipais. O Regulamento do Arquivo establece no seu Artigo 5.1. que “Os distintos servizos e dependencias municipais deberán remitir ao Arquivo os expedientes e documentos xa tramitados de máis de cinco anos.” Agora ben, por acordo da arquiteira e os responsables de varios servizos municipais que tramitan e acumulan moita documentación, debido á falla de espazo nas propias oficinas se recolle a documentación finalizada aínda que non se superara o prazo de cinco anos de antigüidade. Este feito soluciona o problema da saturación nos arquivos das oficinas pero o crea nos depósitos do arquivo que, na actualidade presente un problema grave de saturación que impide o seu correcto funcionamento e a imposibilidades de atender ás transferencias documentais nos prazos establecidos.

Tendo en conta que a lexislación actual que nos afecta en materia de arquivos, tanto estatal como autonómica, declara ilegal calquera intento de expurgo (eliminación de documentación), en tanto non sexa creada a Comisión de Avaliación Documental de Galicia responsable da avaliación e selección (tal e como recolle o borrador do anteproxecto de Lei de Arquivos e documentos de Galicia), nos obriga a conservar toda a documentación xerada.

Debido a que a situación actual de falla de espazo nos depósitos de Arquivo localizados na casa do concello e toda vez que o Artigo 10º do citado Regulamento do Arquivo nolo permite: O Arquivo Municipal instalárase en locais que reúnan as debidas condicións técnicas que garantan a preservación e seguridade dos fondos fronte a factores degradantes, sexan estes naturais (derivados da propia situación e instalación do edificio, lonxe de fontes de contaminación, ben orientados para evitar danos que deriven dunha inadecuada insolación, temperatura, humidade, etc...) ou accidentais (risco de catástrofe por incendio, asolagamento, etc...) e nos que se diferencie claramente a zona de depósito das zonas de traballo e consulta. Se por razóns de espazo, economía ou política municipal o Arquivo Municipal non puidera estar radicado nun só local ou edificio, a sección administrativa nunca poderá estar fóra da Casa do Concello.”

Solicita autorización para trasladar a documentación ao centro sociocultural de Codeso garantindo as condicións de preservación e seguridade da documentación (contida nas

caixas que se reflicten no anexo que acompaña a este informe) que non forma parte da sección administrativa do concello por carecer de vixencia administrativa, legal e fiscal; e que polo estudo realizado non contén documentación de frecuente consulta.”

Solicita, así mesmo, adquirir o mobiliario (estantes metálicos) para a súa correcta instalación.

O señor Canabal di que sempre e cando se faga cos criterios técnicos axeitados, e se poña unha especial vixianza e coidado na documentación que se traslada, pois apoio esta iniciativa.

O que si quixera saber é si se contemplou a posibilidade da dixitalización do arquivo, e se non se contemplou, solicito que antes do traslado da documentación, que se proceda a dixitalizala.

Por outro lado aproveitando a ocasión solicito que se dixitalice o arquivo completo.

O señor Barcala di que se debería dixitalizar toda a documentación e por outro lado que se debería ubicar a documentación nalgunha dependencia pertencente ó concello, como podería ser na Casa da Cultura de Camporrapado.

Responde o señor Alcalde que alí non hai salas suficientes para instalar a documentación posto que xa hai unha aula de informática e na parte de abaixo (no soto) non existe ventilación suficiente para a conservación deste tipo de material.

En Codeso, segue dicindo o señor Alcalde, poden ser instalados os documentos en calquera das dúas salas.

O señor Barcala pregunta se hai medidas de seguridade e o señor Alcalde responde que se adquirirá tanto o mobiliario (estantes) como os medios de seguridade necesarios.

Cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1.- Trasladar ao Centro Sociocultural Juan Fernández Latorre de Codeso a documentación que non forma parte da sección administrativa do concello por carecer de vixencia administrativa, legal, fiscal e que non contén documentación de frecuente consulta.

2.- Adquirir o mobiliario necesario (estantes metálicos) para a súa correcta instalación, así como os demais medios necesarios para garantir as condicións necesarias de preservación e seguridade da documentación.

6.Modificación da Ordenanza de ”Axuda no Fogar”

Dáse conta da ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar, así como da ordenanza fiscal reguladora das correspondentes tarifas aplicables.

Consta no expediente e dáse conta, así mesmo, do estudo económico relativo á aplicación da ordenanza fiscal, elaborado pola traballadora social e do cal se deduce tanto o gasto previsto como os ingresos.

A continuación o señor Canabal di: “Ben. Neste caso a proposta de modificación da ordenanza paréceme unha animalada, veña de onde veña, aínda que vostedes o enmarquen dentro dunha reforma que vén “obrigada” dende a Xunta.

Propoñen un cambio de ordenanza para convertela en máis inxusta, onde conta o custo efectivo do servizo por riba da capacidade económica. É dicir, canto maior sexa o grao de dependencia, canto maior sexan as necesidades, maior porcentaxe de pago.

Explíquenlle vostedes á xente que ingresa entre 600 e 800 euros mensuais que son ricas, que poden pagar unha taxa de axuda a domicilio entre 133 € e 200 €.

Explíquenlle asemade á xente que conta cuns ingresos por debaixo do IPREM (532,51 €), que con 436 € teñen que facer achegas do 15% das horas no servizo de axuda no fogar por libre concorrência. Díganlle tamén que viven por riba das súas posibilidades porque eu non serei capaz.

Esixo de vostedes, do grupo popular a quen se lle enche a boca falando da constitución, que sexan coherentes. Denuncien a quen pretende levar a cabo este exterminio dos servizos sociais. Primeiro fano coas valoracións aos dependentes, co retraso nos pagamentos, coa baixada das prestacións e retirándolle a subvención da Seguridade Social aos coidadores.

Agora continúan o desmatelamento vía taxas.

Demanden esta ocorrencia por inconstitucional, por ser unha taxa claramente regresiva e que dana aos nosos maiores, aos máis dependentes, aos máis necesitados.

Se non consigo convencelos en termos de xustiza social, apelo á súa caridade cristiá. Dean marcha atrás nesta tropelía”.

O señor Barcala di que a el tampouco lle parece correcto que se apliquen estes prezos

O señor Alcalde di que non é o concello quen establece estes prezos senón que é a Xunta.

O señor Canabal di que iso non quere dicir que estea ben, que ¿para qué serve a FEGAMP? e que isto é inconstitucional e regresivo.

O señor Alcalde responde que terán xuntanzas cos usuarios para darlles a información que precisen.

Cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do representante de ANOVA e do PS de G, acórdase:

1. Aprobar a seguinte ordenanza reguladora da prestación do Servizo de Axuda no Fogar, do Concello de Boqueixón:

Exposición de motivos

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2.k que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunicades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos de axuda no fogar, de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7.b como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garantan o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia, e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e nos criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Boqueixón, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º. – Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Boqueixón.

Artigo 2º. – Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no Concello de Boqueixón.

Artigo 3º. – Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.
3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º. – Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- A. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
 - II. Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- B. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
 - I. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
 - II. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.
- C. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
 - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - III. Preparación dos alimentos.
 - IV. Lavado e coidado das prendas de vestir.
 - V. Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

- D. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.
2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:
- A. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables
 - B. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
 - C. Adaptacións funcionais do fogar.
 - D. Servizo de podoloxía.
 - E. Servizo de fisioterapia.
3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.
4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.
5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:
- A. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
 - B. Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban ser realizadas, en todo caso, por persoal facultativo.

Artigo 5º. – Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de a autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, nos que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.
2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6º. – Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre procedemento administrativo común, terán dereito:

- 1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- 2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
- 3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.

4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º. – Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respetar os límites das súas obrigas laborais.
8. Comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

8º. – Causas de extinción e modificación do servizo

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:
 - a. A renuncia da persoa usuaria.
 - b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
 - c. O traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - d. O falecemento da persoa usuaria.
 - e. O incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
 - f. A falta reiterada de pagamento do servizo.
 - g. A desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante novo informe social.
3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución do Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de programa individual de atención.

Artigo 9º. – Causas de suspensión temporal do servizo

Son causas de suspensión temporal do servizo, logo da tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia. Para as persoas usuarias de dependencia o servizo poderá suspenderse por un máximo de dous meses, segundo o establecido na Orde do 19 de abril de 2013, pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e o funcionamento dos órganos técnicos competentes.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 10º. – Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Boqueixón ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 11º. – Requisitos específicos

1. Existirá un/unha profesional de referencia, que actuará como coordinador/a do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicárase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Boqueixón e, de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo II desta ordenanza.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Boqueixón e a persoa usuaria, segundo o Anexo III desta ordenanza.

d. Informes de seguimento periódicos, que terán carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 12º. – Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. Acceso directo. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o Concello de Boqueixón, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas de agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lle asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Acceso por libre concorrencia. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do/a profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

a. Presentación da solicitude, segundo o Anexo IV desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

- I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- III. Certificado de convivencia.
- IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.
- V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda ou, no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan.
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
 4. Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente, en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias. En caso de non facelo serán arquivadas sen máis trámite, tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

- b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo I.
- c. O/A traballador/a social elaborará un informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses. No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.
- d. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe – proposta do/da traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.
- e. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza (anexo III da Orde do 22 de xaneiro de 2009).
- f. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 13º. – Desenvolvemento da prestación do servizo

1. O prazo de alta no servizo será como máximo dunha semana dende que á persoa usuaria se lle asigna o recurso a través do Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo pola vía de urxencia o prazo será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase con base no perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asignado.

4. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza.

5. O traballador/a social dos servizos sociais comunitarios elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo II desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase a orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Artigo 14º. – Intensidade na prestación do servizo

1. A intensidade na prestación do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas co artigo 4.1º a) da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

Establécese un horario de 7 a 22 horas, todos os días do ano.

Artigo 15º. – Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

1. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas, con dereito recoñecido atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse as normas de aplicación á materia vixentes en cada momento, fixadas polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 16º. – Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo por libre concorrência

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a dita lei, ao respecto do da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas comutables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 17º. – Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual

ou inferior ao indicador público de rendas e efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ó IPREM)	20 h.	30 h.	40 h.	55 h.	70 h.	90 h.
≤ ó 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>do 100% e ≤ do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>do 115% e ≤ do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>do 125% e ≤ do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>do 150% e ≤ do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
>do 200% e ≤ do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>do 215% e ≤ do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>do 250% e ≤ do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>do 300% e ≤ do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>do 350% e ≤ do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>do 400% e ≤ do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>do 450% e ≤ do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ó 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3. Nos casos nos que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder do 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Artigo 18º. – Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo de axuda no fogar por libre concorrência

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de

acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa, que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo con base no cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,25 IPREM	15%
Maior de 1,25 e menor ou igual a 1,50 IPREM	20%
Maior a 1,50 e menor ou igual a 1,75 IPREM	30%
Maior de 1,75 e menor ou igual a 2 IPREM	40%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,25 IPREM	50%
Maior de 2,25 e menor ou igual a 2,50 IPREM	60 %
Maior de 2,50 IPREM	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos nos que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 19º. – Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Boqueixón, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 20º. – Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiadas total ou parcialmente con fondos públicos

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do concello ou entidade local.

Artigo 21º. – Persoas obrigadas ao pagamento

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas beneficiarias do servizo prestado por este concello ás que se refire o artigo 5º.

Artigo 22º. – Nacemento da obriga de pago

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.
2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 23º. – Infraccións e sancións

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación e, no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar publicada no BOP núm. 126 do 4 de xuño de 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

RELACIÓN DE ANEXOS

- I. Baremo
- II. Proxecto de intervención
- III. Acordo de servizo
- IV. Solicitude
- V. Informe social
- VI. Informe de saúde
- VII. Autorización bancaria

ANEXO 1

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA

FACTOR 1: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos)

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizo de axuda no fogar) non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

A asignación de valor en función do factor autonomía persoal realizarase coa seguinte táboa:

TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL									
De 33% a 64% de discapaci dade	De 65% a 74% de discapa cidade	75%-100%	25-39 pts BVD	81%-87%	50-64 pts BVD	88%-93%	75-89 pts BVD	94%-100%	Grao de discapaci dade en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
		75%-100% discapa cidade e ata 14 pts ATP		75%-100% disca pacidade e 15-29 pts ATP		75%-100% disca pacidade e 30-44 pts ATP		75%-100% disca pacida dade e 45-72 pts ATP	Grao de Discapacidade + Axuda Terceira Persoa. ATP RD 1971/1999
		75% discapaci dade e ata 24 pts BVD		40-49 pts BVD		65-74 pts BVD		90-100 pts BVD	Grao de Discapacidade + Axuda Terceira Persoa. Puntuación BVD (RD. 504/2007)
				Grao I, Nivel 1		Grao II, Nivel 2		Grao III, Nivel 1	Situación de dependencia. Decreto 176/2007
5 pts	10 pts	14 pts	20 pts	24 pts	30 pts	32 pts	38 pts	40 pts	PUNTUACIÓN Nivel de Autonomía persoal

Puntuación total autonomía persoal _____

FACTOR 2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)

- ☐ A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos) ____
- ☐ A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos)
- A persoa convive con persoa sen capacidade para atendela (ata 12 puntos):
- ☐ Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) ____
- ☐ Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) ____
- ☐ Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) ____
- ☐ Con incapacidade para organizarse (3 puntos) ____
- ☐ Os familiares néganse a atendolo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos) ____
- ☐ Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 Km (5 puntos) ____
- ☐ Está ben atendido (0 puntos) ____
- Puntuación total apoio social _____

FACTOR 3: SITUACIÓN FAMILIAR / SOCIALIZACIÓN DE MENORES (máximo total 20 puntos)

3.1 Conflito (máximo total 4 puntos)

- ☐ Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto) ____
- ☐ Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos) ____
- ☐ Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos) ____
- ☐ Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos) ____

3.2 Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)

- ☐ Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores (2 puntos) ____

3.3 Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)

- ☐ Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos) ____

3.4 Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)

☐ Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administración do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos) ____

3.5 Número de menores (máximo total 10 puntos)

☐ Un menor (3 puntos) ____

☐ Dous menores (5 puntos) ____

☐ Tres menores (7 puntos) ____

☐ Catro ou máis menores (10 puntos) ____

Puntuación total situación familiar / socialización de menores _____

FACTOR 4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)

4.1 Vivenda (total 10 puntos)

☐ Carece dalgún dos servizos básicos (3 puntos) ____

Especificar cal/cales: _____

☐ Non reúne condicións mínimas de hixiene e habitabilidade (3puntos) ____

☐ Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (2 puntos) ____

☐ Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (2 puntos) ____

4.2 Integración no contorno (total 10 puntos)

☐ Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos) ____

☐ Ausencia de relacións sociais (6 puntos) ____

☐ Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos) ____

☐ Integración axeitada no contorno (0 puntos) ____

Puntuación total outros aspectos sociais _____

PUNTUACIÓN TOTAL XERAL _____

ANEXO II

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1. Datos de identificación do expediente

Expediente (1)	Intervención nº (2)	Data da solicitude		Data de inicio	
Sector de referencia (3)	Ámbito de atención			Nº total persoas usuarias	
Nome e apelidos	Data de nacemento	DNI	Sexo	Estado civil	
Proxecto	Data do proxecto			Data fin do proxecto	

Antecedentes relevantes:

2. Atención a prestar

L	M	M	X	V	S	D	Nº horas semanais	Horario

Tipo de servizo a prestar (4)

Perfil dos/as profesionais

Outros servizos

3. Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio

Existencia:

Servizos/apoios:

Nº de horas semanais:

4. Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas a realizar:

5. Periodicidade do seguimento (mínimo bimensual)

Técnico responsable:

Asdo.:

- (1) Identificación do expediente no SIUSS
- (2) Número de orde desta intervención con relación ao total de intervencións realizadas neste expediente
- (3) Tipoloxía SIUSS
- (4) Pódese empregar a tipoloxía SIUSS

ANEXO III

ACORDO DE SERVIZO

Reunidos en Boqueixón o día ____ de _____ de dous mil ____, dunha parte don/dona _____ con DNI _____

e doutra _____, traballadora social responsable do servizo de axuda no fogar do Concello de Boqueixón,

ACORDAN:

1. Que o Concello de Boqueixón prestará o servizo de axuda no fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día _____ de _____ de 200__.

2. Que a prestación do servizo de axuda no fogar se realizará por un prazo de _____, con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais/da entidade prestadora acreditada.

3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana _____, en horario de _____, por un total de _____ horas semanais.

4. Que, atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar, á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a achegar o _____%, como contribución ao custo do servizo.

5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da taxa do SAF establecido no punto 4 na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal

Atencións de carácter apoio psicosocial

Atencións de carácter doméstico

Atencións de carácter socio-educativo

Atencións de carácter técnico e complementario

7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as seguintes:-----

8. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:-----

9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente establecidas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas as partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e o asinan.

Boqueixón, de de 20

A persoa usuaria

O técnico responsable

Asdo.:

Asdo.:

ANEXO IV**SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

Nome		Apelidos	
DNI	Data de nacemento	Estado civil	
Enderezo			Municipio
Provincia	CP	Teléfono	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL OU GARDADORA DE FEITO

Nome	Apelidos	DNI
Enderezo		Municipio
Provincia	CP	Teléfono

SOLICITO a prestación do servizo de axuda no fogar, para o que achego a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Certificado de convivencia
- Informe de saúde
- Xustificantes de ingresos da unidade familiar
- Outros:

Boqueixón, de de 20

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

ANEXO V

INFORME SOCIAL

Con relación á solicitude do servizo de axuda no fogar, formulada por Don/a _____ e segundo os datos obrantes no expediente familiar núm. _____, a traballadora social _____, emite o seguinte informe social de avaliación:

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA USUARIA

Nome		Apelidos	
DNI	Data de nacemento	Estado civil	
Enderezo		Teléfono	
Situación laboral ☐ en activo ☐ sen ocupación ☐ pensionista			

CARACTERÍSTICAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

Composición do grupo de convivencia:

Nome e apelidos	Idade	Parentesco	Situación laboral	Discap/Depend.

Familiares ou persoas significativas coas que non convive:

Nome e apelidos	Parentesco	Enderezo	Teléfono

--	--	--	--

Coidador/a principal

Nome e apelidos	Idade	Parentesco	Situación laboral

SITUACIÓN SOCIO FAMILIAR

Relacións familiares (implicación, reparto de responsabilidades, qué necesidades están cubertas...)

Relación co contorno (amizades, veciñanza, nivel de participación social, utilización dos recursos/servizos...)

SITUACIÓN DE SAÚDE

Discapacidade: Porcentaxe: ATP: Mobilidade reducida:
 Dependencia: Grao: Puntuación:
 Cobertura sanitaria: Entidade:

Diagnóstico e tratamento:

Limitacións funcionais:

SITUACIÓN DA VIVENDA

Tipo de vivenda:

☐ Sen domicilio	☐ Piso/apartamento	☐ Vivenda unifamiliar
☐ Chabola	☐ Casa prefabricada	☐ Outros:

Réxime de posesión:

☐ Propia ou dalgún membro da UF	☐ Alugada	☐ Cedida ou facilitada
--	----------------------------------	---

Condicións de habitabilidade:

☐ Adecuadas	☐ Hacinamento	☐ Insalubridade/inhabitabilidade
☐ Existencia de dispositivos de risco		☐ Carece dalgún servizo básico
Especificar:		

Accesibilidade:

☐ Sen barreiras arquitectónicas	☐ Con barreiras no acceso á vivenda
☐ Con adaptacións funcionais	☐ Con barreiras no interior da vivenda
Especificar:	

SITUACIÓN ECONÓMICA

Renda mensual da persoa usuaria:

Renda mensual do cónxuxe ou parella de feito:

Outras rendas mensuais computables:

Núm. de membros da unidade de convivencia:

Capacidade económica da persoa usuaria:

OUTROS DATOS DE INTERESE

VALORACIÓN PROFESIONAL

Intensidade horaria mensual	Tipo de atencións	Capacidade económica	% de participación no custo

Boqueixón, de de 20

A traballadora social

ANEXO VI

INFORME DE SAÚDE

Dada a importancia do presente informe na valoración do expediente de solicitude do servizo de axuda no fogar é importante que cubran todos os datos contidos neste.

Datos da persoa solicitante		
Nome e apelidos	DNI	Data de nacemento

Datos do doutor/a que efectúa o recoñecemento médico	
Nome e apelidos	Núm. de colexiado
Centro onde presta o servizo:	

Indique os diagnósticos das enfermidades, enfermidade mental, discapacidade intelectual, outras condicións de saúde e/ou problemas relacionados co desenvolvemento de carácter permanente, crónico, prolongado ou de longa duración que presenta:

Indique o tratamento farmacolóxico actual que ten prescrito:

Indique as medidas de soporte funcional e axudas técnicas que ten prescritas:

Indique se precisa dalgũa dieta especial

Indique se pode desprazarse fóra do domicilio: ☐ Si ☐ Non

Indique a situación de dependencia na que se atopa

☐ Persoa que precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.
☐ Persoa que precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ao día, pero non require o apoio permanente dunha persoa coidadora, ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.
☐ Persoa que precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa do apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeralizado para a súa autonomía persoal.

Data:

Selo e sinatura:

ANEXO VII

AUTORIZACIÓN BANCARIA

D./D^a. _____, con DNI _____ e enderezo en _____

Expoño:

Que o número de conta bancaria para domiciliar o pago do servizo de axuda no fogar é o seguinte:

Nome da entidade financeira:

Enderezo:

Localidade:

Provincia:

CÓDIGO CONTA CLIENTE (20 díxitos)																	
ENTIDADE				OFICINA				D.C.		NÚMERO CONTA							

Boqueixón, _____ de _____ de 20____

Sinatura e selo da entidade bancaria

Sinatura da persoa interesada

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

2. Aprobar a seguinte ordenanza fiscal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Boqueixón:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Artigo 1º. – Fundamento e natureza

1.1. No uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ao 27 e 57 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, o Concello de Boqueixón establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

1.2. O servizo público de axuda no fogar configúrase como unha prestación do sistema público de benestar social establecida na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia e demais normativa estatal de desenvolvemento, Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia e demais normativa de carácter autonómico que desenvolve a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma e, en especial, a Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG núm. 22, do 2/02/2009).

1.3. As atencións que se prestan son as reflectidas na Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Boqueixón.

Artigo 2º. – Feito imponible

Constitúe o feito imponible a prestación efectiva do servizo de axuda no fogar, nos termos e condicións de intensidade regulada na ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar deste concello.

Artigo 3º. – Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas usuarias da prestación do servizo de axuda no fogar, xa sexa con carácter estable ou temporal.

Artigo 4º. – Responsables

4.1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4.2. Serán responsables subsidiarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5º. – Cota tributaria

5.1. A base imponible estará constituída pola intensidade do servizo, medido en horas, por parte da persoa usuaria.

5.2. O prezo da hora está calculado en función do custo actual sendo para os días laborables de 14,25 € + IVE e os domingos e festivos de 14,95 € + IVE.

Artigo 6º. – Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

1. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas, con dereito recoñecido atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse as normas de aplicación á materia vixentes en cada momento, fixadas polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 7º. – Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo por libre concorrência

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a dita lei, ao respecto do da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas comutables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 8º. - Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas e efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ó IPREM)	20 h.	30 h.	40 h.	55 h.	70 h.	90 h.
≤ ó 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>do 100% e ≤ do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>do 115% e ≤ do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>do 125% e ≤ do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>do 150% e ≤ do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
>do 200% e ≤ do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>do 215% e ≤ do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>do 250% e ≤ do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>do 300% e ≤ do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>do 350% e ≤ do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>do 400% e ≤ do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>do 450% e ≤ do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ó 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder do 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Artigo 9º. – Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo de axuda no fogar por libre concorrência

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa, que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo con base no cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 7 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,25 IPREM	15%
Maior de 1,25 e menor ou igual a 1,50 IPREM	20%
Maior a 1,50 e menor ou igual a 1,75 IPREM	30%
Maior de 1,75 e menor ou igual a 2 IPREM	40%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,25 IPREM	50%
Maior de 2,25 e menor ou igual a 2,50 IPREM	60 %
Maior de 2,50 IPREM	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 10º. – Obriga de contribuír

O prezo público devengarase e nace a obriga de contribuír no momento de iniciarse a prestación do servizo, rateándose cando se liquiden meses incompletos.

Artigo 11º. – Normas de xestión

11.1. As normas de altas, modificacións e baixas na prestación do servizo son as recollidas nos artigos 8, 9, 12 e 13 da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Boqueixón.

11.2. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.

11.3. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

11.4. O Concello de Boqueixón revisará anualmente os prezos base do servizo, e adaptará as porcentaxes correspondentes ás achegas das persoas usuarias segundo as modificacións que puideran emanar dos órganos autonómicos correspondentes. En ambos casos, **de darse** modificacións, comunicaranse por escrito ás persoas usuarias.

Disposición Derrogatoria

Queda derogada a actual ordenanza fiscal reguladora da achega económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar do Concello de Boqueixón, aprobada polo Pleno da Corporación con data _____ e publicada no BOP núm. 126 de data 4 de xuño de 2009.

Disposición Final

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión realizada _____, entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. Permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.

3. Publicar estes acordos durante 30 días no BOP e no taboleiro de edictos do concello e consideralos definitivamente aprobados, no caso de non presentarse reclamacións.

7.Modificación do representante na Comisión Xestora para a constitución do Consorcio.

O pleno da corporación en sesión plenaria o 14 de marzo de 2012 acordou proceder á constitución dun Consorcio Administrativo Local entre os concellos de Touro – Vedra – Boqueixón.

Así mesmo acordouse, designar como representante na comisión xestora ao daquela alcalde, don Adolfo Gacio Vázquez.

Posteriormente, con data de pleno 8 de outubro 2012 foi designado alcalde do concello de Boqueixón Jesús Sanjuás Mera.

O señor Canabal di: “Quero recordar neste punto a intervención que teño feito no pleno de marzo do pasado ano.

Preguntei en relación á constitución do Consorcio si se coñecían os servizos a consorciar, se había algún documento ou estudo para a súa análise, o cal se me contestou, que non había nada. Reitero máis dun ano despois se hai algo, se fixo algo o consorcio, si se consorciou algún servizo e cales son as previsións a curto prazo.

Naquela altura os plantexamentos dos tres concellos eran cando menos curiosos:

- Touro parece que non quería nin tan sequera consorciarse, e non sabía tampouco o alcance que tería o Consorcio, nin para que serviría.
- Boqueixón, sen saber tampouco para que podía servir o Consorcio estaba mirando como fusionarse con Santiago, sen saber tampouco moi ben para qué.
- Vedra: Pois tampouco sabía para que servía o Consorcio, salvo, en palabras do propio alcalde para presentarse a subvencións, aínda que tampouco sabían moi ben a que subvención, nin se con estas se conseguiría servir “aos veciños con máis eficiencia, eficacia e sostibilidade” (palabras do presidente da Deputación) posto que tampouco se coñecían os servizos que se consorciarían.

Cómpre preguntarse que fixo o consorcio, se é que fixo algo, e cómpre pedir que se informe ao pleno desta corporación.

O señor Barcala di que parece lóxico nomear ó novo representante se daquela se designou ó entón alcalde, pero non teño máis que dicir porque daquela non formaba parte desta corporación e polo tanto non teño coñecemento suficiente neste terreo.

O señor Alcalde di que se está traballando con Vedra, para prestar en conxunto o CIM, e que xa se está facendo co Touro.

De momento non hai máis nada, pero cando haxa algo informarase ó Pleno.

Cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

- Designar representante na comisión xestora que rexerá a tramitación ata constitución definitiva do consorcio ao actual alcalde, Jesús Sanjuás Mera.

8.Mocións número 1292 (PP) , 1336 e 1337 (ANOVA)

Moción número 1292 presentada por PP

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A partir do ano 2006 Galicia está padecendo violentos actos de terrorismo cuxa autoría a banda Resistencia Galega ten reivindicado en varios casos. Entre eles están múltiples atentados consistentes na colocación e denotación de diversos artefactos explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais, entidades financeiras, empresas, administracións públicas, etc; así como nas vivendas de persoas relacionados co ámbito xudicial, universitario ou político.

Os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade. En consecuencia, opoñémonos e condenamos o uso da violencia para defender calquera tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico e tamén rexeitamos calquera tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Boqueixón eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo, e por suposto o levado a cabo por Resistencia Galega.
2. Solidarizámonos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destas actos.
3. Rexeitamos calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.

O señor Barcala Mosquera di que apoia esta moción e que está en contra de todo tipo de violencia e terrorismo.

O señor Canabal di que: “En primeiro lugar teño que manifestar, unha vez máis, por se non queda claro, que a organización na que milito e eu persoalmente, rexeitamos calquera tipo de violencia como método para conseguir calquera fin. Calquera tipo de violencia, tamén da practicada polos corpos e forzas de seguridade do Estado.

Agora ben, vendo a moción que presenta o PP, teño que dicir que parece excesivo afirmar que en Galiza exista terrorismo.

E por iso polo que vexo que a motivación do PP, para presentar esta moción en todos os Concellos Galegos é froito dunha estratexia de tirar tinta de lura sobre os problemas reais que está a sufrir a xente do común deste país, e agochar así a súa incapacidade máis que absoluta para tentar poñerlle freo.

É así que diante do intento de criminalización por parte do PP de Galicia e do delegado do goberno central sobre as opinións feitas por representantes de diversas formacións políticas no contexto dun xuízo que na Audiencia Nacional se celebrou recentemente a catro cidadáns galegos, quixer presentar a seguinte emenda á moción presentada:

1. Reafirmarnos no convencemento de que a acción política neste país ten que desenvolverse a través da vía política, democrática e pacífica, por ser o camiño da razón e do convencemento o único vieiro polo que a maioría social pode acadar a hexemonía imprescindible para as necesarias transformacións.
2. Reafirmarnos na necesidade de que calquera proceso xudicial conte con todas as garantías propias dun estado de dereito, evitando a inxerencia política deste e a adopción de medidas excepcionais que incidan na dispersión, na desaparición da presunción de inocencia e na reclusión preventiva sen límite temporal.
3. Solicitar do PP de Galicia e do seu delegado do Goberno central, cando menos, a mesma preocupación, sobre os casos de desafiuzamentos por unha lei hipotecaria inxusta, o fraude masivo das preferentes e o recorte dos dereitos sociolaborais e identitarios que están a provocar situacións de exclusión social de moitos homes e mulleres deste país.
4. Solicitar do PP de Galicia e do delegado do goberno o inicio dunha investigación que clarifique as posibles consecuencias que no campo da xestión pública puido ter a relación que o actual presidente da Xunta mantivo no pasado cun cidadán galego condenado por narcotráfico.

No caso de non terse en conta a emenda abstereime na votación desta moción, posto que aínda que manifestando o meu máis absoluto rexeitamento á violencia, non quero

participar na campaña de enredo que ten convertido o PP este asunto ao fin de tentar agochar as súas vergoñas na xestión da delicada situación na que nos toca vivir.

Sen máis, cos votos a favor do PP e do PS de G e coa abstención de ANOVA apróbase a moción número 1292 presentada polo grupo municipal do Partido Popular.

Moción número 1336 presentada por ANOVA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado día 12, deste mes de marzo, o goberno do PP na Xunta de Galiza deu a coñecer un novo recorte no dereito á educación dos galegos e galegas cunha medida que afecta directamente ao alumnado do noso país. O goberno do PP anuncia a ampliación do copago do servizo de comedor escolar.

Esta decisión carga sobre as precarias economías das familias a obriga de facer fronte ao pago dunha parte importante deste servizo. Un servizo necesario para garantir un dereito fundamental como é o dereito á educación, un servizo que da resposta a situación de desvantaxe de moitas familias derivadas da dispersión xeográfica de núcleos illados no noso concello, e por suposto para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

Esta actuación do goberno do PP na Xunta de Galiza evidencia a súa despreocupación polo ensino público, provocando o seu deterioro polos sucesivos recortes dos últimos anos: recortes no número de profesores e profesoras; recortes nos orzamentos dos centros; recortes nas axudas para libros, nas axudas para bibliotecas, atrasos nas transferencias económicas para comedores escolares, recorte no servizo de comedores, empeoramento das condicións socio laborais do profesorado, recortes nos servizos de normalización lingüística e unha longa cadea de despropósitos que deterioran un servizo público básico da sociedade.

Pola contra, todos estes recortes no ensino público contrastan cos 240 millóns de subvención ao ensino concertado, cos 3 millóns de euros de subvención para centros que segregan ao alumnado por razón de xénero e que o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declarou ilegal.

No caso do noso concello o servizo de comedor do **CPI do Forte** é utilizado pola totalidade do alumnado sen supoñer ningún custo para as familias, aínda aqueles nenos e nenas que residan a menos de 2 km do centro. O novo copago afectaría, aproximadamente o 30/40 % do alumnado que o utilizan na actualidade. Sendo unha cantidade de entre 1 e 4,50 euros por día de servizo e neno/nena que teñen que costear as economías familiares.

Por todo o anteriormente exposto, solicito do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galiza a non establecer un copago no servizo de comedores escolares.
2. Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

O señor Barcala di que apoia esta moción, pois neste momento son moitas as familias que o están pasando mal, e por isto debe existir unha comida gratuíta nos centros.

O señor Alcalde di que só se paga unha porcentaxe e responde o señor Barcala que isto é así porque se paga solidariamente entre todos.

O señor Alcalde está de acordo en que non se debería cobrar pero, por outro lado, que un euro tampouco é tanto.

O señor Barcala di que uns poderán pagar pero outros non.

A señora García Couto di que se paga en función dos ingresos.

O señor Canabal responde que se é o mesmo ca tarifa da “Dependencia” non é así e que 1 euro/día supón 20 ou 22 euros/mes.

Responde a señora García Couto que se realmente no colexio se come ben e por 1 euro/día, na casa isto non é posible, polo que vale a pena comer no colexio aínda pagando 1 euro.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor de ANOVA e do PS de G, e en contra do PP rexeitase a moción número 1336 presentada polo señor Canabal Fernández en calidade de Concelleiro da corporación de Boqueixón.

Moción número 1337 presentada por ANOVA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: No pasado 5 de febreiro de 2013, foi rexistrado unha nota de gastos a favor do Alcalde aprobada posteriormente en Xunta de Goberno Local de 7 de marzo de 2013 por importe de 570,59 €, en concepto de “*Liquidación gasto Traslado de Cadros exposición Esperanza Lema – Madrid (Ida e Volta)*”.

Unha vez revisados os recibos da viaxe, compróbase que as viaxes se produciron o 7 de xaneiro e o 2 de febreiro segundo se adxunta no cadro seguinte (que é copia do rexistro mencionado do mes de febreiro):

13/245	05/02/2013
LIQUIDACIÓN DE GASTOS ALCALDE	
Traslado de Cadros exposición Esperanza Lema – Madrid Ida e Volta	
02/02/2013: Gasóleo Furgoneta: 70 €.	
02/02/2013: Comidas: 190 €.	
02/02/2013: Peaxe Boqueixón – Madrid – Boqueixón: 24,60 €.	
07/01/2013: Gasóleo: 75,04 €.	
07/01/2013: Peaxe Boqueixón – Madrid – Boqueixón: 32,90 €.	

07/01/2013: Comidas: 178,05 €.

TOTAL: 570,59 €.

SEGUNDO: Sorprende, unha vez vistos os recibos, as contías dos dous xantares para tres persoas, en concreto 155,85 € o 7 de xaneiro e 144,30 € o 2 de febreiro, o que ven a ser 50 € por persoa só no xantar.

TERCEIRO: Tendo en conta que o vehículo utilizado é propiedade do concello así como o persoal e o combustible inicial, de facerse unha imputación destes, os custos reais da viaxe ascenderon a unha cantidade considerable.

CUARTO: Como concelleiro desta Corporación descoñezo os acordos que ten, ou pode ter o Concello, coa pintora citada na relación de gastos anterior.

Por todo o anteriormente exposto, solicito do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Alcaldía a que de as pertinentes explicacións dos compromisos adquiridos do Concello de Boqueixón coa pintora dona. Esperanza Lema.
2. Solicitar da Alcaldía explicacións detalladas sobre a viaxe realizada, así como se se contemplou a posibilidade de contratar a unha empresa de transporte especializado, para o traslado do cadro.
3. Solicitar do Alcalde o reintegro dos cartos dos dous xantares (ou dunha parte deles) posto que o Pleno da Corporación considera excesivos dietas de 63 €/persoa en concepto de manutención.

O señor Alcalde di en canto ó traslado dos cadros a Madrid, que había un compromiso do anterior alcalde coa autora dos cadros a cambio dunha exposición das súas pinturas no Concello de Boqueixón. Este compromiso existía tamén no Concello de Vedra e de Teo. Segue dicindo o señor Alcalde que os cadros tiveron que ser cargados no vehículo, colocalos no seu sitio e loxicamente descargalos, tanto a ida coma a volta, e ademais un dos días foi un sábado.

Por outro lado, e isto non me gustaría dicilo (di o señor Alcalde), se falamos de números hai que ver quen debe a quen, porque vostede señor Canabal, está utilizando un local social en Lestedo, desde hai moitos anos gastando electricidade e auga, no cal ten TV, nevera a algunhas cousas máis que non quero nomear aquí. Ademais é chocante que estean ata as tantas da noite.

O señor Canabal, responde que está de acordo co señor Alcalde respecto dos custos da enerxía do local, pero que nos tempos de crise actual, considera excesivos os custos do xantar.

Responde o señor Alcalde que non ían levar bocadillos encima de ir un sábado que xa non lles correspondía traballar ós dous traballadores. Segue dicindo o señor Alcalde que se contrataran un transporte o gasto ascendería a máis de 800 euros.

O señor Canabal di que si ó importe da factura lle suma a parte correspondente dos salarios, ascendería a máis de 1000 euros.

O señor Alcalde di que non se aboaron salarios por trasladar os cadros a Madrid.

O señor Barcala di que se foron en día hábil, habería que darlle libre o luns.

Responde o señor Alcalde que non se lle deu día libre a ninguén.

O señor Canabal, finalmente retira esta moción e solicita que isto non volva suceder.

9. Información da Alcaldía

Dáse conta dos Decretos habidos desde o 6 de maio ata o 5 de xullo do 2013, do que se dan por informados.

10. Rogos e Preguntas.

Antes de pasar ó punto de rogos e preguntas faise entrega das seguintes respostas ás preguntas formuladas polo Sr. Canabal no Pleno ordinario do 8 de maio de 2013.

RESPOSTAS ALCALDIA

(En relación coas preguntas formuladas polo señor Canabal no Pleno ordinario de 08/05/2013)

1.- ¿Remataron estas 12 persoas as relación laborais co concello de Boqueixón?

Si.

¿Que forma de despido ou extinción de contratos se empregaron?

Finalización de contrato por obra ou servizo.

¿ Hai denuncias formuladas ante o organismo de traballo?

Si, o día 8 de xullo entrou no rexistro unha demanda de D. José Quintela Filgueira.

2.- ¿Qué pasou coa subvención que estaba prometida cos “darriba”, como afirmou no pleno de marzo?

Está tramitada e a espera da resolución.

3.- ¿Existe algunha previsión de incorporación dos traballadores cesados ou despedidos?

Estamos a espera da resolución da subvención.

4.-¿ Como se cobren os servizos que prestaba certo persoal que foi cesado ou despedido, como pode ser o rozado de cunetas e o servizo do lixo?

Entre os laborais fixos de servizos e a espera de convenios de desbroce e outras subvencións para a contratación de persoal.

5.- ¿ Cal é a labor dos tres laborais fixos que están vinculados ao servizo do GRUMIR, nomeadamente o Sr. Elías Rodeiro, Sr. Gonzalo Torres, e o Sr. Casiano Veleiro?

Entre os tres están cubrir as pequenas emerxencias, labores de mantemento de zonas verdes, axudar a recollida de lixo e outras actividades de apoio ao concello”.

A continuación o señor Canabal fai as seguintes

ROGOS E PREGUNTAS

Sobre o Grumir

Aparte das preguntas prantexadas no pasado pleno e que me foron contestadas por escrito hoxe quixer saber:

1. Cando se vai proceder á contratación dos novos traballadores para o Grumir?

Responde o señor Alcalde que está presentada a solicitude pero que de momento non nos chegou a resolución da Consellería .

Sobre as Brigadas Antiincendios.

1. Está previsto crear as brigadas antiincendios?
2. Cales son os motivos?

Responde o señor Alcalde que non se van contratar.

Sobre a limpeza de Cunetas

Neste punto xa vin que nos últimos días se comezou a desbrozar. Pero quixer facer incidencia sobre a necesidade de manter este servizo para a conservación das pistas municipais.

Responde o señor Alcalde que efectivamente xa se está facendo co persoal do Concello

Sobre o PXOM

Neste caso dúas cuestións

1. En qué estado está?
2. Cando se prevé que poida estar aprobado?

Por outro lado, tendo en conta que temos varios núcleos coas licenzas esgotadas, en caso de que o PXOM non estea nun breve prazo de tempo, insto á Alcaldía a iniciar os trámites para facer os pertinentes estudos de mellora do medio nos núcleos coas licenzas esgotadas. Non se pode parar a pouca actividade que poida existir no noso Concello e en tema do PXOM, vai pasar como no do SAUI-2: Décadas para aprobalo.

Responde o señor Alcalde que hai un arqueólogo contratado por Estudio Técnico Galego para facer o catálogo arqueolóxico que esixe patrimonio. Mentres tanto non se pode facer nada.

O señor Barcala fai as seguintes preguntas:

Preguntas:

1. ¿Cómo está o tema do alumeado público, porque estanse aprobando plans de aforro enerxético que máis ben son de consumo. ¿Hai algunha vixiancia por parte da empresa?. Concretamente en Ponte Ledesma levan aproximadamente 8 meses sen alumeado.

Responde o señor Alcalde que ante calquera avaría os veciños chaman ó Concello e desde aquí dáse traslado á concesionaria .

Di o señor Canabal que este alumeado da Ponte xa foi reclamado no seu momento polo señor Calvelo.

O señor Barcala di que presentará un informe sobre a existencia de alumeados privados e públicos.

2. A pista de Ledesma–Bendaña, que vai ó Concello de Touro ¿vaise reparar?

Responde o señor Alcalde que sí, que está incluída nun proxecto que foi adxudicado a “Construcciones Couto Fandiño”.

Sen máis, asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A secretaria

Vº e Pr.
O alcalde